

Práctica 4: Xestionando os nosos arquivos.

Traballando co Xestor de ficheiros.

1. Arranca o Xestor de ficheiros e configura nel as seguintes opcións:
 - Visualización en modo *Lista*.
 - Ordena a visualización anterior por data de modificación
 - Amosar tamén os arquivos ocultos
 - Que apareza a columna propietario
 - Que a visualización da lista permita navegar por os cartafols nunha árbore.
 - Configura de xeito que a visualización por defecto sexa “Visualización en lista” e a ordeación de elementos sexa “Por data de modificación”
2. Inserta un pendrive e comproba que podes acceder ao seu contido.
 - Comprobar en qué cartafol está o contido do pendrive (pode servirche de axuda premer Ctrl +L)
 - Abre a aplicación *Mousepad* e escribe o seguinte texto nel : *Esta formación resultando moi entretida.*
 - Garda o arquivo no pendrive co nome *Texto.txt*
 - Abre o procesador de textos LibreOffice Writer e escribe a mesma liña que no exercicio anterior.
 - Garda o arquivo no pendrive co nome *Texto*
3. Abre o xestor de ficheiros Thunar e comproba o que aparece no apartado DEVICES.

A compresión/descompresión de arquivos

- Dende o Nautilus ou dende o Thunar crea un cartafol chamado *proba* con 2 arquivos.
- Tenta comprimir dito cartafol dende Thunar, dálle o nome *proba1*
- Tenta comprimir o cartafol dende Nautilus dálle o nome *proba2*
- Borra o cartafol orixinal, e descomprime calquera dos 2 arquivos comprimidos do xeito que consideres.